

UN CEO DE CIENCIA

Programa do Curso

1. Charlas

- **O clima na historia** (1h 30 min). Unha viaxe no tempo para coñecer o papel que xogou a meteoroloxía nalgúns dos episodios históricos máis famosos, dende conflitos bélicos ata a súa influencia na arte.
- **A exploración de Marte** (1h 30min). O noso veciño cósmico é o próximo mundo que visitará a especie humana. Pero hoxe xa hai moitas misións robóticas explorando o planeta vermello en busca de vida.
- **Clima e meteoroloxía de Galicia** (1h 30 min). Por qué chove tanto en Galicia? Que é o anticiclón das Azores? Son algunhas das preguntas que terán resposta nesta clase maxistral.
- **Historia da astronomía** (1h 30 min). Un repaso sobre a evolución do coñecemento científico a través dos seus protagonistas, dende Hipatia de Alexandría ata Albert Einstein.
- **A meteoroloxía a través dos ollos dun cazatormentas** (1h 30 min). Saber identificar os fenómenos cotiás mediante a observación permite anticipar os cambios atmosféricos. Coñecer as diferentes páxinas webs sobre meteoroloxía e saber traducir os mapas é unha información con moitas aplicacións prácticas.
- **Astrofotografía** (1h 30 min). Nun mundo cada vez máis tecnolóxico e cunha cámara o alcance de calquera pode resultar de gran interese aprender a inmortalizar un dos espectáculos máis fermosos que existen, o ceo estrelado.
- **A astronomía a través do cine** (1h 30 min). O cine sempre foi unha ferramenta moi poderosa para a divulgación. Unha colección de títulos cinematográficos permitirán aproximarse a esta ciencia dun xeito máis entretido.

Actividades do curso (5 horas)

Observación nocturna do ceo. Acompañados por expertos e equipados con telescopios profesionais e cámaras fotográficas os alumnos poderán observar e rexistrar os distintos obxectos astronómicos que podemos contemplar no ceo galego.

LUGAR DE REALIZACIÓN: **Aula 2.1. Universidade Senior, edificio de Apoio a o Estudante. Campus de Esteiro, Ferrol**

DATAS: **14 e 15 de SETEMBRO 2017**

HORARIO:

Xoves 14 setembro

10h-11.30. *O clima na Historia.* Xavier Fonseca Blanco (Divulgador Científico)

12.00-13.30. *A meteoroloxía a través dos ollos dun cazatormentas.* Rubén Vázquez (Creador de MeteoVigo)

16.00-17.30. *Clima e meteoroloxía de Galicia.* Juan Taboada (Meteorólogo)

18.00-19.30. *Astrofotografía.* Ángel Arós (Matemático e Astrofotógrafo)

Venres 15 de setembro

10-11.30. *A exploración de Marte.* Alejandro Cardesín (Enxeñeiro Axencia Espacial Europea)

12-13.30. *A astronomía no cine.* Borja Tosar (Astrónomo).

16-17.30. *Historia de astronomía.* Jorge Mira (Catedrático de Física USC)

22H: *Observación astronómica en Ferrol*